



O CESGA IMPLEMENTARÁ O CONTORNO VIRTUAL DO PROXECTO YES PARA FORMACIÓN DE RR.HH. NAS PEMES EN EUROPA.

A Área de e-learning do CESGA, como participante no Proxecto YES (Youth Employment Support), desenvolverá un contorno virtual de formación baseado en software libre, implementado e adaptado para ofrecer formación a persoal de Recursos Humanos das PEMES en Europa. A formación deste persoal levarase a cabo a través de sete cursos piloto. A metodoloxía a empregar será o blended-learning, combinando a formación presencial coa formación a distancia a través de e-learning.

YES é un proxecto educativo financiado pola Comisión Europea no marco do programa Sócrates-Leonardo que está orientado a formar a persoal de recursos humanos das PEMES encargados de seleccionar e introducir a xoves aos seus postos de traballo nas empresas. A formación que se vai impartir prestará especial atención á dificultade que teñen para atopar emprego os mozos/as que non completan os seus estudos obrigatorios así como grupos de xoves con desvantaxes persoais ou socioeconómicas.

Este proxecto, que se iniciou en novembro de 2007 e rematará en outubro de 2009, está coordinado por Die Berater (Austria), e conta coa participación de organismos europeos procedentes de seis países: Meter Silesia (República Checa), Local Mission Agenais and Albret (Francia), Further Training Centre of the Saxonian Economy (Alemaña), Reflexion Foundation Transfer (Países Baixos), Glotta Nova (Eslovenia) e o Centro de Supercomputación de Galicia (España).

As principais actividades que se van a levar a cabo no marco do proxecto YES son:

➤ Obter información relevante da inserción laboral de xoves extraída da

experiencia exitosa levada a cabo no marco do proxecto europeo EuroJobMediator, así como doutras iniciativas. YES examinará ademais experiencias existentes neste ámbito e adaptaraas ás necesidades formativas dos responsables de recursos humanos e de formación nas PEMES.

- Levar a cabo unha análise de necesidades das PEMES coa fin de desenvolver un soporte a medida.
- Implementar un sistema virtual de formación e asesoramento online para o persoal responsable dos recursos humanos das PEMES, do que se vai encargarse o CESGA
- O sistema YES establecerase e levará a cabo cursos piloto para o persoal responsable dos recursos humanos das PEMES en Austria, Francia, Eslovenia, Alemaña, Eslovaquia, Países Baixos e República Checa.
- Avaliarase coidadosamente a adecuación do sistema YES e os seus efectos nas relacións entre o empresariado e a xente nova.
- Os resultados do proxecto daranse a coñecer nunha conferencia internacional.

Para máis información sobre o proxecto contacte coa área de e-learning do Cesga escribindo un correo electrónico a e-learning@cesga.es ou dirixíndose ao coordinador europeo do proxecto f.steffen@dieberater.com

Saúdos